



DATOS IDENTIFICATIVOS

Crítica literaria

Materia	Crítica literaria			
Código	V01G160V01922			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Suárez Briones, Beatriz			
Profesorado	Suárez Briones, Beatriz			
Correo-e	bsuarez@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A crítica literaria é unha disciplina de análise e valoración de obras literarias. Traballarase no curso en textos narrativos. Empregaranse as teorías e métodos da narratoloxía e da estética literaria: estudo das estruturas dos textos narrativos e sentido destes.			

Competencias de titulación

Código	
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organízalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A10	Ser capaces de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar o medio propio na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Aprender, comprender e aplicar conceptos teóricos á interpretación e ó análise de textos literarios.	A4

2. Saber apreciar a diferenza estética	A3	
	A4	
	A5	
	A10	
3. Ser capaces de facer recensións de textos de creación literaria.	A6	
4. Potenciar a existencia de debates na clase a partires das lecturas previas.	A7	B2
	A8	
5. Promover a autonomía do alumnado para producir e analizar discursos artísticos e críticos utilizando adecuadamente as metalinguaxes específicas.	A9	B5
	A10	

Contidos

Tema	
1. A crítica literaria.	1.1. Historia, métodos, límites. 1.2. Crítica e interpretación.
2. Estrutura da novela	2.1. Deseño e paratextos. 2.2. Historia e discursos.
3. Modalización.	3.1. Focalización. 3.2. A voz narrativa. 3.3. A distancia narrativa.
4. O discurso da novela.	4.1. O discurso da voz narradora. 4.2. O discurso dos personaxes.
5. Filosofía da novela.	Polifonía e dialoxismo.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	26	26	52
Traballos de aula	12	24	36
Presentacións/exposicións	10	20	30
Titoría en grupo	2	2	4
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	18	18
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	8	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	A profesoar explicará os contidos teóricos da materia. A asistencia é unha obriga.
Traballos de aula	Traballos de análise crítica de novelas e contos, que poderán facerse en grupo cando se indique.
Presentacións/exposicións	Exposición oral dos traballos de aula, poñendo especial énfase na claridade expositiva e no uso dun rexistro lingüístico adecuado á situación.
Titoría en grupo	De preparación dos traballos que deben ser expostos, onde se resolverán todas as dúbidas que poida haber.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O alumnado ao menos unha vez ao cuadrimestre preparará unha recensión dunha novela ou libro de contos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	A profesoar orientará ao alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio ou proba, ben en titoría de grupo ou ben personal.
Presentacións/exposicións	A profesoar orientará ao alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio ou proba, ben en titoría de grupo ou ben personal.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	A profesoar orientará ao alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio ou proba, ben en titoría de grupo ou ben personal.
Probas	Descrición
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	A profesoar orientará ao alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio ou proba, ben en titoría de grupo ou ben personal.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Valorarase a atención e a capacidade para intervir propoñendo ou rebatendo ideas, ou manifestando dúbidas ou dificultades de comprensión.	5
Traballos de aula	Cualificarase o resultado final do traballo na aula, a seriedade e a capacidade crítica. Penalízase o plaxio.	25
Presentacións/exposicións	Valorarase a seriedade e o uso dunha linguaxe escrupulosamente correcta e precisa.	15
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Valorarase a capacidade crítica e a orixinalidade, e o uso dunha linguaxe correcta e precisa. Penalízase o plaxio.	30
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Cualificarase o coñecemento da materia, a capacidade crítica, e o uso correcto da linguaxe.	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continua, o que implica asistencia (ao menos do 80% das clases), participación, e traballos. Se non pode seguir a avaliación continua a alumna/o deberá comunicarllo argumentadamente á profesora.

Se se prevé a imposibilidade de asistencia a clase, deberá comunicalo e xustificalo adecuadamente.

Nos casos de renuncia á avaliación continua, o alumnado será avaliado mediante proba única, que se celebrará ao final do cuadrimestre fóra do horario de aulas. A proba constará de preguntas e exercicios sobre os contidos do programa.

A mesma estrutura terá a proba na segunda edición de actas (xullo).

Bibliografía. Fontes de información

Bajtín, Mijail, **Teoría y estética de la novela**, Madrid,
 Bajtín, Mijail, **Estética de la creación verbal**, México,
 Bal, Mieke, **Teoría de la narrativa**, Madrid,
 Chatman, Seymour, **Historia y Discurso**, Madrid,
 Genette, Gérard, **Figuras III**, Barcelona,
 Genette, Gérard, **Nuevo discurso del relato**, Madrid,
 Reis, Carlos y Lopes, Ana Cristina M., **Diccionario de Narratología**, Salamanca,
 Vallés Calatrava, José, **Diccionario de teoría de la narrativa**, Salobreña,
 Villanueva Prieto, Darío, **Comentario de textos narrativos: la novela**, Gijón,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Literatura comparada/V01G160V01403

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación oral e escrita: Español II/V01G160V01305

Comunicación oral e escrita: Galego II/V01G160V01405